

I Premio de Innovación Docente
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

MEMORIA

PROXECTO DE INNOVACIÓN DOCENTE “UNIVERSIDADE, SOCIEDADE E DESENVOLVEMENTO. A APRENDIZAXE-SERVIZO NO EIDO DO DESENVOLVEMENTO LOCAL”

Coordinadora do proxecto: María del Carmen Sánchez Carreira
Materia: Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento Local
Grao en Economía

Marzo de 2023

ÍNDICE

1. Introducción	3
2. Contextualización da materia na que se implementa a innovación docente	5
3. Obxectivos	12
4. Descrición e duración do proxecto de innovación docente	13
5. Resultados obtidos	17
6. Valoración da experiencia: principais vantaxes e dificultades	22
7. Recursos e ferramentas	26
8. Innovacións implementadas durante o desenvolvemento do proxecto	28
9. Proxección educativa	30
10. Difusión e visibilidade do proxecto	31

Título da boa práctica: Proxecto de Innovación Docente “Universidade, Sociedade e Desenvolvemento. A Aprendizaxe-Servizo no eido do desenvolvemento local”

Materia: Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento Local

1. Introducción

Esta memoria presenta unha experiencia de innovación docente que se vén aplicando na materia Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento Local (G3061328), de terceiro curso do Grao en Economía dende o curso 2017-2018 ata o curso actual ao abeiro das Convocatorias de proxectos de innovación educativa en Aprendizaxe-Servizo (ApS) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) (Ver Anexo I e <https://www.usc.gal/gl/servizos/ceta/innovacion/aps/index.html>). O proxecto titulado “Universidade, Sociedade e Desenvolvemento. A Aprendizaxe-Servizo no eido do desenvolvemento local” presentouse como emerxente á II Convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa en ApS da USC e tras a súa concesión e a boa experiencia do primeiro ano, continúa como proxecto consolidado na III, IV, V, VI e VII convocatorias, manténdose polo tanto no curso da pandemia. Cómpre indicar que a VII convocatoria é a correspondente ao curso actual 2022-2023. Polo tanto, trátase dun proxecto con continuidade e longa traxectoria. A concesión dos proxectos conleva un asesoramento por parte do Grupo de Investigación Esculca da Universidade de Santiago de Compostela. Tendo en conta as bases da convocatoria, esta memoria céntrase no proxecto desenvolvido dende o curso 2019-2020 ata a actualidade, se ben se inclúen algunhas referencias aos cursos previos, para contextualizar o proxecto. Precisamente dende o curso 2019-2020 o proxecto oríéntase aos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS), cando previamente se realizaba unha análise socioeconómica de microespazos como barrios ou parroquias.

O proxecto de innovación docente mencionado é coordinado por María del Carmen Sánchez Carreira, profesora e coordinadora da materia Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento Local. O equipo que conforma o proxecto varía segundo o curso, debido ao requisito que se establece na convocatoria de figurar no Plan de Organización Docente (POD) da materia. Participan o profesor da materia Alexandre Vecino Aguirre nos cursos 2019-2020, 2020-2021 e 2021-2022; os contratados predoutorais con docencia interactiva na materia Bruno Blanco Varela, nos cursos 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021; José Blanco Álvarez no curso 2021-2022 e José Manuel Amoedo Meijide, nos cursos 2021-2022 e no actual curso 2022-2023. Ademais, Bruno Blanco Varela participa

no proxecto no curso actual como profesor da materia Facenda Pública (G3011222) do Grao en Ciencia Política e da Administración, nunha primeira ampliación do proxecto a outra titulación e outro centro. Cómpre indicar que nos cursos 2017-2018 e 2018-2019 tamén participou o profesor da materia Manuel González López. Non se inclúe no equipo do proxecto, porque son cursos previos ao que se establecen nas bases da convocatoria e ademais está en situación de servizos especiais.

Esta iniciativa de innovación docente xorde da preocupación continua do profesorado participante pola mellora dos procesos de ensinanza-aprendizaxe e da calidade docente. Tendo en conta a pirámide da aprendizaxe e a importancia de aprender facendo, preténdese avanzar na implementación de metodoloxías activas, nas que o alumnado se converte no centro do proceso de aprendizaxe e o profesorado cambia o seu papel actuando como orientador. Asemade, ao impartir unha materia sobre o eido rexional e local, constatamos e sorprendémonos de que o interese do alumnado era moito menor que sobre as cuestións de economía mundial. Iso levounos a buscar unha maneira diferente de achegarse á realidade máis próxima, abordando unha temática tan actual e relevante como a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible. E, dese xeito, tamén contribuímos a visibilizar o papel da Universidade como actor de desenvolvemento e a súa colaboración coa sociedade. A participación en cursos do Programa de Formación e Innovación Docente sobre esta metodoloxía e sobre outras temáticas, como as técnicas de avaliación contribuíu a mellorar a experiencia. O carácter innovador do proxecto maniféstase na aplicación por primeira vez no Grao en Economía da metodoloxía activa de Aprendizaxe-Servizo, así como pola incorporación de contidos como os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible que non aparecían nos descritores da materia, dado o papel clave que pode xogar o ámbito local.

Esta memoria estrutúrase en nove apartados, ademais desta introdución. O apartado dous contextualiza a materia, indicando os seus obxectivos, contidos e as metodoloxías innovadoras que se utilizan na docencia. O apartado tres presenta os obxectivos do proxecto, mentres que o apartado catro describe o proxecto e a súa duración. O seguinte apartado mostra os resultados obtidos. O apartado seis valora a experiencia, prestando especial atención ás vantaxes e dificultades. O apartado sete presenta algúns recursos e ferramentas útiles para o proxecto. O apartado oito aborda as principais innovacións implementadas cada curso no desenvolvemento do proxecto. O seguinte apartado refírese á proxección educativa do proxecto. Finalmente, preséntanse as accións realizadas para contribuír á difusión e visibilidade do proxecto.

Asemade, esta memoria complementábase con seis anexos. O Anexo I inclúe a documentación relativa ás convocatorias de proxectos de ApS da USC, incluíndo as solicitudes, resolucións e memorias anuais do proxecto, así como os certificados de coordinación do proxecto e participación do equipo docente e do alumnado. O Anexo II presenta os programas-guías docentes da materia dende o curso 2017-2018 ata o curso actual. Os programas de todos os cursos refírense no apartado de metodoloxía ao proxecto de ApS de forma breve. O Anexo III presenta os principais materiais utilizados no desenvolvemento do proxecto, así como os traballos realizados polo alumnado e os principais instrumentos utilizados para a avaliación do proxecto. O Anexo IV inclúe o material referido ás distintas accións dirixidas a difundir e visibilizar o proxecto, dende as publicacións como capítulos de libros a presentacións en congresos ou xornadas, así como un evento de difusión realizado na Facultade, algún vídeo, ou os traballos dispoñibles no repositorio Minerva. O Anexo V inclúe a documentación sobre outras iniciativas relacionadas co proxecto. Finalmente, o Anexo VI inclúe o documento de autorización de todas as persoas participantes no proxecto para presentarse ao I Premio de Innovación Docente que convoca a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC.

2. Contextualización da materia na que se implementa a innovación docente

Este apartado contextualiza a materia na que se implementa o proxecto de innovación docente, explicando a súa inserción no plan de estudos, os seus obxectivos, metodoloxía e criterios de avaliación. Trátase da materia Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento Local (G3061328), que segundo o plan de estudos da titulación de Grao en Economía, publicado no BOE nº 56, do 5 de marzo de 2010, trátase dunha materia que ten carácter obrigatorio que se imparte no segundo cuadrimestre do terceiro curso e ten carácter obrigatorio. A súa carga lectiva é de 6 créditos ECTS, distribuídos en 31 horas de docencia expositiva e 17 horas de clase interactiva. A distribución horaria presencial no cuadrimestre é de 2 horas semanais de docencia expositiva e 1,5 de docencia interactiva, agás nas dúas primeiras semanas, nas que só se imparte docencia expositiva. Ás horas presenciais hai que engadir as horas de traballo persoal do estudante ata acadar o total de 150 horas de traballo na materia. O Anexo II presenta os programas-guías docentes da materia dende o seu inicio no curso 2017-2018 ata o curso actual, que inclúen unha referencia ao proxecto na metodoloxía.

Os coñecementos necesarios para comprender, interpretar, analizar e explicar o comportamento da economía e dos axentes económicos constitúen unha demanda esencial en todos os ámbitos da sociedade, en xeral; e, en particular, da esfera económica e empresarial, pública ou privada. Neste sentido, Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento Local como materia pertencente a módulo de Estrutura Económica e Desenvolvemento, resulta de especial interese e utilidade para o correcto desempeño da vida profesional dos/as futuros/as graduados/as en Economía, proporcionándolles non só o coñecemento dos elementos e interrelacións do desenvolvemento territorial e da contorna real próxima, senón tamén contribuíndo á adquisición das competencias necesarias para analizar, comprender e na medida do posible anticiparse e poder actuar ante ditos cambios, aínda que finalmente as circunstancias non leven a traballar especificamente no ámbito económico en sentido estrito. Preténdese que o alumnado adquira a capacidade analítica necesaria para interpretar os fenómenos e enfrontarse aos novos escenarios que xurdan na economía mundial, europea, española e galega, que están suxeitas a cambios continuos.

A contribución da materia Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento Local no marco deste módulo formativo céntrase na análise da economía rexional e local (tanto rural como urbana), achegando os coñecementos necesarios sobre a importancia do espazo xeográfico na análise económica; as teorías sobre o desenvolvemento rexional e local; as desigualdades espaciais, as súas causas e consecuencias; e o papel das políticas e axentes que poden impulsar o desenvolvemento nun contexto cambiante e de crecente integración económica. En definitiva, trátase de formar ao alumnado para a análise, interpretación e explicación do desenvolvemento no eido rexional e local, así como na utilización de fontes de información e instrumentos básicos para a análise e seguimento da realidade económica próxima. A materia permite que o alumnado poida entender como se analizan os fenómenos territoriais dende a perspectiva económica.

Para acadar este obxectivo, adóptase un enfoque de tipo estrutural, que trata de reunir nun mesmo marco explicativo global o conxunto de elementos e interdependencias que operan no desenvolvemento rexional e local e que permiten entender os cambios que caracterizan a súa evolución recente e condicionan a súa evolución futura. En última instancia, o obxectivo pedagóxico fundamental é que o alumnado aprenda a pensar por si mesmo, a localizar a información necesaria sobre unha materia cuxo obxecto de estudio

é cambiante por natureza, a analízala e interpretala, a extraer as súas propias conclusións e a transmitilas con argumentos sólidos.

Ademais das relacións coas outras cinco materias que conforman o bloque de Estrutura Económica e Desenvolvemento, a materia Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento Local está relacionada con outras materias do plan de estudos, especialmente dos módulos de Análise Económica e Política Económica.

A materia Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento Local conxuntamente con outras materias que se imparten no Grao en Economía permitirá dotar aos futuros profesionais dunha importante formación para a análise e comprensión de todos aqueles aspectos relacionados coa contorna económica, en particular, nos ámbitos máis próximos e cuxa influencia vai máis alá do propio desenvolvemento da súa actividade específica.

Tendo en conta o carácter obrigatorio da materia Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento Local e que se imparte en terceiro curso, preténdese dar un triplo sentido á materia:

1. Introducir os conceptos relativos á consideración da dimensión espacial na economía, as teorías e factores que determinan a localización das actividades económicas, as teorías que explican o desenvolvemento rexional e local, así como a análise das disparidades, as súas causas e consecuencias. Así, proporciónase unha base de coñecementos sobre a relación entre economía e territorio, as disparidades e as políticas de desenvolvemento rexional e local e a planificación estratéxica, garantindo a adquisición de competencias necesarias para un correcto desenvolvemento e aproveitamento do módulo Estrutura Económica e Desenvolvemento;
2. Comprender o papel que desempeñan os recursos, axentes, políticas e estratexias no desenvolvemento rexional e local, así como a súa evolución, tendencias e dinámicas;
3. Adquirir a capacidade analítica e habilidades necesarias para abordar estudos no eido da economía aplicada, utilizando instrumentos de análise propios e habituais neste campo do coñecemento e, en particular, adaptado ás características e necesidades da análise económica rexional e local e das políticas de desenvolvemento rexional e local.

En relación co interese para a futura profesión, a materia proporciona un coñecemento sistémico sobre o desenvolvemento rexional e local, destacando a relevancia da relación entre espazo e economía, os impactos territoriais dos cambios estruturais, as causas e consecuencias das disparidades, e os recursos, axentes, políticas e estratexias para o desenvolvemento rexional e local. Tamén permite un mellor coñecemento da contorna económica próxima, na que unha parte do/as graduado/as desenvolverán a súa actividade profesional. Ademais, pode contribuír a identificar oportunidades económicas no eido rexional e local, coñecer os seus principais problemas e retos, así como as condicións nas que se afrontan.

Segundo a programación anual da materia Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento Local aprobada polo Departamento de Economía Aplicada para os cursos nos que se implementa o proxecto, o seu obxectivo central é proporcionar ao alumnado os coñecementos que lle permitan comprender o desenvolvemento dende a perspectiva rexional e local. Aínda que a actividade económica xorde, crece e se desenvolve no espazo e ten diferentes impactos territoriais, xerando disparidades, a maior parte da teoría económica desenvolveuse sen considerar a dimensión espacial, con contadas excepcións. Así, óbvianse os elementos que achega o territorio e que poden facilitar ou dificultar o desenvolvemento e o benestar en determinadas áreas. Nas últimas décadas o panorama cambiou progresivamente, prestando crecente atención ao territorio e aparecendo novos enfoques teóricos e de políticas de desenvolvemento rexional e local. O coñecemento da interacción entre economía e territorio e das implicacións territoriais dos fenómenos económicos permite que o alumnado poida comprender as decisións económicas estratéxicas considerando o territorio; así como a concentración de actividade económica e poboación en determinadas áreas, ou os diversos efectos espaciais dos procesos económicos.

Asemade, preténdese que o alumnado adquira a capacidade para analizar o desenvolvemento rexional e local, a realidade económica máis próxima, os diversos efectos espaciais dos procesos económicos, cos instrumentos propios dun enfoque sistémico, e que saiba interpretar as súas características actuais, a súa evolución e identificar os elementos relacionais dos diversos modelos de desenvolvemento.

En relación cos obxectivos da materia Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento Local, pretende proporcionarlle ao alumnado coñecementos sobre a importancia da dimensión espacial na análise económica, as teorías da localización das actividades

económicas e dos axentes, as teorías sobre o desenvolvemento rexional e local, as desigualdades espaciais, as súas causas e consecuencias, e o papel das políticas e axentes para impulsar o desenvolvemento. Nun contexto de mundialización económica interesa destacar o papel das rexións e das cidades no desenvolvemento, delimitando os trazos definitorios e diferenciadores do desenvolvemento rexional e local, así como os retos máis relevantes. Esa achega faise cunha visión estrutural e, polo tanto, globalizadora, que intenta proporcionar un marco interpretativo xeral para entender os procesos de cambio e transformación acelerada que veñen experimentando as economías nas distintas escalas (mundial, nacional, rexional e local) nas últimas décadas.

A materia organízase coa intención de que o alumnado dispoña de coñecementos sobre a importancia do espazo xeográfico na análise económica, as teorías sobre o desenvolvemento rexional e local, as desigualdades espaciais existentes e as súas causas, e o papel das políticas e axentes que poden impulsar o desenvolvemento. En definitiva, trátase de formar ao alumnado para a análise e interpretación do desenvolvemento no eido rexional e local.

Os obxectivos específicos desta materia son:

- Coñecer a importancia da dimensión espacial na actividade económica;
- Analizar a realidade da Economía rexional e local (rural/urbana);
- Achegar ao alumnado as principais teorías que explican o desenvolvemento económico rexional e local;
- Analizar as desigualdades espaciais e as causas que poden explicar esas disparidades;
- Analizar o papel dos distintos axentes públicos e privados que poden contribuír ao desenvolvemento dun territorio;
- Analizar distintas propostas de políticas para o desenvolvemento rexional e local e proceder á súa avaliación.

En relación coas competencias da titulación, a materia contribúe a acadar as seguintes:

- Saber elaborar e defender argumentos sobre cuestións económicas, desenvolvendo a capacidade analítica;
- Saber identificar, reunir e interpretar datos relevantes sobre cuestións relacionadas co ámbito económico e, en particular co desenvolvemento rexional e local;
- Coñecer as teorías do desenvolvemento no ámbito territorial;

- Buscar e manexar información relevante de libros de texto de nivel avanzado;
- Recoller e analizar información de fontes estatísticas;
- Elaborar e presentar traballos de xeito oral e escrito, tanto individual como colectivamente;
- Saber organizarse colectivamente para a realización de traballos en equipo.

As competencias específicas da materia Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento Local son:

- Manexar as estatísticas fundamentais das economías rexionais e locais;
- Comprender o impacto da política pública no desenvolvemento no ámbito europeo, español, galego e local, e máis especificamente de axudas como os fondos europeos, ...

Do amplo número de competencias transversais que pretende abordar a materia, as principais que se traballan e avalían na materia son as seguintes: traballo en equipo e a comunicación oral e escrita.

No que se refire aos contidos, a materia está conformada por nove temas organizados en catro bloques. O bloque I do programa, conformado por tres temas ten carácter introdutorio proporcionando un marco conceptual, relacional e instrumental básico necesario para a correcta aprendizaxe desta disciplina, así como para a análise aplicada da realidade económica da contorna próxima (rexional e local) e dos cambios e procesos de transformación estrutural que afectan ao desenvolvemento e o territorio. O bloque II do programa consta de dous temas e céntrase na análise das teorías do desenvolvemento rexional e local, que se poden distinguir segundo dúas dimensións: de oferta, de demanda ou sistémicas; ou ben, en base a se predín a converxencia ou diverxencia. O bloque III do programa inclúe tres temas e analiza os recursos e os axentes necesarios para o desenvolvemento rexional e local, así como a planificación estratéxica e as políticas e estratexias de desenvolvemento rexional, local e urbano. Por último, o bloque IV aborda nun único tema as disparidades rexionais e locais existentes no contexto europeo, español e galego, analizando a súa dimensión e evolución, así como as súas causas e consecuencias.

Con respecto á metodoloxía, a materia utiliza metodoloxías activas, entre as que destaca a Aprendizaxe-Servizo (ApS). A aprendizaxe-servizo consiste en aprender prestando un servizo á comunidade. Constitúe unha metodoloxía activa e innovadora que reforza os procesos de ensinanza-aprendizaxe ao combinar as dimensións de aprendizaxe e social;

relaciona a teoría e a práctica, vinculando aprendizaxe e realización do servizo, que atende as necesidades da área local. Así, o alumnado percibe a utilidade dos coñecementos, ao aplicalos a unha realidade concreta, que é unha contorna próxima.

Tamén se utilizan outras metodoloxías activas, como as técnicas de aprendizaxe cooperativa, principalmente informais. Para iso organízanse pequenos grupos de traballo na aula para realización de tarefas puntuais e de reducida duración, como propoñer ou responder unha pregunta. Ademais, nas clases expositivas, que constitúen necesariamente o eixo central para o desenvolvemento do programa, as explicacións do profesorado deben ir acompañadas da participación activa do alumnado, mediante preguntas e debates. O método afirmativo, tanto expositivo como demostrativo, combinarase co método de elaboración interrogativo. Tendo en conta o tempo dispoñible para impartir a materia, o método de elaboración por descubrimento só se emprega nalgũa actividade interactiva.

Como unha das competencias que se pretende acadar con esta materia é a organización do traballo en grupo, constituiranse grupos de traballo para a realización de distintas tarefas, que deben entregarse por escrito e ser expostas.

En relación co sistema de avaliación, con carácter xeral, baséase en dous elementos: : por un lado, un exame final celebrado na data establecida oficialmente e que suporá o 60% da nota final (6 puntos); e, por outro lado, a nota global das diversas actividades realizadas nas sesións interactivas, que suporá o 40% restante (4 puntos). Así, a cualificación final da materia será o resultado de sumar as puntuacións dos dous apartados seguintes:

- A cualificación obtida no exame final sobre os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos ao longo do curso e que conforman o programa da materia;
- E a cualificación global obtida na avaliación continua como resultado das realización e calidade dos traballos e actividades de diverso tipo desenvolvidas nas sesións. Tamén se terá en conta a participación e intervencións de interese sexan de xeito presencial ou virtual.

Para superar a materia, é necesario obter cando menos o 40% da nota de exame para superar a materia. O sistema de avaliación é o mesmo nas dúas oportunidades de cada curso académico.

O obxecto da avaliación desta materia son tanto os coñecementos sobre os contidos que conforman o programa, como as capacidades que se pretenden desenvolver conforme aos

obxectivos e actividades propostos. En particular, avaliarase a participación activa nas clases, a capacidade de buscar información estatística e analizala, a capacidade de sintetizar ideas dun texto e opinar fundadamente utilizando os contidos da materia, a capacidade de traballar en grupo e as habilidades comunicativas, tanto de xeito oral como escrito. Debe indicarse que tendo en conta tanto o número de estudantes como a carga lectiva da materia e a carga de traballo total do estudante nas diversas materias que conforman o curso, cada estudante debe facer tres actividades con traballo previo.

En canto aos instrumentos utilizados na avaliación, ao resultado do exame, que combina preguntas tipo test (dirixidas a comprobar o dominio dos conceptos e coñecementos esenciais) con preguntas a desenvolver (co obxectivo de contrastar a capacidade do alumnado para relacionar os diferentes conceptos e coñecementos que debe adquirir na materia), engádese a valoración das actividades realizadas, baseada na súa calidade e a observación das capacidades de traballo en grupo, comunicación de ideas e participación. Tamén se emprega a observación e o conxunto de información reunida sobre cada estudante ao longo do curso, para valorar a súa evolución e mellora. Neste sentido, unha vez entregada cada tarefa, o profesorado realiza unha valoración desa actividade, tanto no que se refire aos contidos como ás capacidades e competencias. A avaliación realízase con carácter formativo e non sumativo, tendo como obxectivo incidir na optimización do proceso de aprendizaxe, proporcionando información periódica sobre os resultados. Dese xeito, a retroalimentación ofrecida polo profesorado sobre o desenvolvemento das tarefas e como melloralas é fundamental, podendo servir de estímulo no proceso de aprendizaxe. Debe terse en conta que a forma de avaliación inflúe en como aprende o alumnado. No proxecto de ApS utilízase unha rúbrica, como instrumento que facilita unha avaliación formativa.

3. Obxectivos

O proxecto de innovación docente aplica a metodoloxía de Aprendizaxe-Servizo, que como se indica previamente consiste en aprender prestando un servizo á comunidade local. Neste caso a comunidade é de ámbito local, pois a entidade colaboradora é o Concello de Santiago de Compostela. Continúase así unha colaboración iniciada no curso 2017-2018. A elección da entidade colaboradora baséase en varias razóns, como a dispoñibilidade, interese e colaboración activa no proxecto nos cursos anteriores; que se trata dunha contorna coñecida e próxima; que facilita a interacción cos axentes e veciños mellora a implicación do alumnado co proxecto e a contorna; e por ser a cidade na que se

localiza a USC tamén resulta eficiente ao aforrar os custos económicos e de tempo que implicarían os desprazamentos.

O obxectivo do proxecto dende o curso 2019-2020 é contribuír á implementación dos ODS en Santiago de Compostela, analizando temáticas concretas aliñadas cos retos da Axenda 2030 e propoñendo accións de mellora para avanzar no seu logro. Polo tanto, a prestación do servizo está relacionada coa necesidade social que se identifica en colaboración co Concello de Santiago de Compostela.

Os principais obxectivos específicos que pretende acadar o proxecto son:

- Aplicar os coñecementos da materia na realidade socioeconómica próxima;
- Identificar fontes de información no eido local e, concretamente, sobre os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible;
- Obter, tratar e analizar información cualitativa a través de entrevistas;
- Aplicar a metodoloxía de planificación de políticas de desenvolvemento e o enfoque dende abaixo cara arriba;
- Preparar a implementación e orzamentación das propostas no eido local;
- Desenvolver competencias transversais.

Os principais obxectivos da materia que se abordan no proxecto de ApS son os seguintes:

- Coñecer a importancia da dimensión espacial na actividade económica;
- Analizar a realidade da economía local (rural/urbana);
- Analizar o papel dos distintos axentes públicos e privados que poden contribuír ao desenvolvemento dun territorio;
- Analizar distintas propostas de políticas para o desenvolvemento rexional e local e avalialas.

Asemade, as principais competencias da materia que se traballan na actividade son as seguintes: traballo en equipo, comunicación oral e escrita e aprendizaxe autónoma.

4. Descrición e duración do proxecto de innovación docente

A metodoloxía ApS consiste en aprender prestando un servizo á comunidade, neste caso de eido local. Definir o servizo implica un traballo previo coa entidade colaboradora para identificar as súas necesidades sociais e seleccionar aquelas nas que pode colaborar o alumnado e que son de interese para a súa formación.

Nos dous primeiros cursos nos que se implementou o proxecto (2017-2018 e 2018-2019), o proxecto céntrase nunha análise socioeconómica de barrios da cidade de Santiago de Compostela ou outros microespazos como parroquias ou áreas rururbanas, realizando entrevistas e interactuando cos axentes que conforman ese territorio. Baseándose no diagnóstico realizado utilizando principalmente fontes de información cualitativas, os grupos formulan propostas para mellorar a calidade de vida da poboación desas áreas, que constitúen a base do servizo prestado. A experiencia destes dous primeiros cursos, centrada na análise socioeconómica de microespazos, a proposta de accións de mellora e a súa análise en clave ODS, serve de base para identificar unha necesidade claramente orientada á implementación dos ODS dende o ámbito local e, en concreto, no ámbito urbano. Nese sentido, cabe destacar dous aspectos: a relevancia das cidades para consecución dos ODS e a Axenda Urbana como proceso de reflexión sobre o modelo de cidade, de carácter voluntario, que permite integrar obxectivos estratéxicos.

Nese sentido, dende o curso 2019-2020 ata a actualidade o proxecto céntrase nos ODS e alíñase coas necesidades do Concello de Santiago de Compostela, no contexto da elaboración e implementación da Axenda Urbana 2030. A colaboración permite avanzar nos retos identificados e contribuír ao logro dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible, propoñendo actuacións para facilitar a súa consecución. Asemade, permite identificar axentes relevantes para implementar as políticas locais que leven a unha cidade máis inclusiva e sostible, así como entender a articulación da Axenda Urbana 2030 cos orzamentos municipais.

O proxecto ten carácter voluntario, dado o elevado número de alumnado matriculado na materia e a capacidade da entidade colaboradora e do profesorado para guiar e titorizar o desenvolvemento dos traballos. As persoas que participan no proxecto non realizan a actividade Análise Socioeconómica dunha Área Territorial, principal traballo en grupo que se realizaba anteriormente na materia. Cómpre indicar que o proxecto de ApS parte desa actividade, pois comparte os obxectivos. A principal diferenza consiste na fonte de información (interacción cos axentes a través da realización de entrevistas, ou fontes estatísticas oficiais). E dá un paso máis, pasando de ser un traballo académico que se quedaba nas paredes da nosa aula a converterse nun servizo á comunidade local.

Os traballos realízanse en grupos de catro persoas con carácter xeral (excepcionalmente de tres ou cinco persoas, dependendo do número de estudantes), conformados polo profesorado, considerando distintos criterios (xénero, procedencia xeográfica ou

titulación no curso actual no que se amplía o proxecto á materia Facenda Pública do Grao en Ciencia Política e da Administración).

Á hora de describir o proxecto, poden identificarse tres fases principais:

1) Preparación: ao inicio da materia preséntase o proxecto e a metodoloxía ApS, para o que contamos coa colaboración do profesorado do equipo asesor da Facultade de Ciencias de Educación. Dedícanse tres sesións presenciais ao inicio de curso a ofrecer os coñecementos básicos para o desenvolvemento da actividade (fontes de información na aula de informática, recursos para o desenvolvemento, proceso de planificación). Ademais resérvanse dúas sesións interactivas para o seguimento da actividade, traballo en grupo na aula coa orientación do profesorado e resolución de dúbidas tanto por parte do profesorado como coa colaboración doutro alumnado.

Dedícase unha actividade interactiva aos ODS no eido local, na que se presentan os ODS, o papel das cidades para o seu logro, as axendas urbanas e o exemplo do Eixo Atlántico, que inclúe cidades de distintas características e dimensión. Cómpre sinalar que as cidades concentran as oportunidades (concentran poboación, produción, emprego, actividades económicas e socioculturais, servizos ou innovación), pero tamén os principais retos (concentran a pobreza, as disparidades, o desemprego ou os problemas ambientais), polo que se converten en actores claves para o logro ou non dos ODS. Unha técnica de desenvolvemento económico e urbano do Concello de Santiago de Compostela imparte unha charla para explicar o seu traballo no desenvolvemento urbano e aspectos concretos do proxecto. Unha vez coñecido o alumnado que participa no proxecto, fórmanse os grupos de traballo que elixen ODS ou temática a abordar.

2) Desenvolvemento: Nesta fase distínguense 3 subfases:

- o Estudo da aplicación do ODS elixido en Santiago de Compostela e da súa relación cos traballos de planificación estratéxica realizados nese ámbito, como a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI). Procurarase incluír algún indicador que permita coñecer a situación real de avance nese ODS.
- o Estudo de campo a través da realización de entrevistas con axentes expertos na temática, responsables de políticas públicas con incidencia no ODS analizado e cidadanía.
- o Proposta de accións de mellora a nivel local para mellorar o cumprimento do ODS analizado. As propostas inclúen unha planificación temporal e orzamentaria, sendo a base do servizo que se presta á comunidade. As boas

prácticas doutros lugares relacionadas coa temática son fonte de inspiración para as propostas. Posteriormente, o Concello de Santiago de Compostela analiza a viabilidade das propostas.

- 3) Presentación: Cada grupo expón o traballo na aula nunha sesión conxunta á que se invita a participar a todos os grupos de axentes involucrados no proxecto. Tamén entregan un documento escrito e unha vez revisados os traballos entréganse ao Concello, como primeira parte do servizo.

A metodoloxía activa de ApS supón un cambio no papel do profesorado, que segue sendo moi relevante, mais diferente ao tradicional, ao centrarse máis en ser deseñador do proxecto, titor e orientador. Máis concretamente, as principais tarefas que lle corresponden ao profesorado nesta materia son as seguintes:

- Deseño da actividade e planificación dos tempos, obxectivos, seguimento e resultados de aprendizaxe previstos;
- Formación dos grupos de traballo considerando diversos criterios, asignación da avaliación entre grupos e ficha para a avaliación;
- Organizar o calendario de exposicións e elaborar un formulario para facilitar a avaliación polo propio alumnado;
- Realizar o seguimento do traballo que van realizando os grupos;
- Avaliar o traballo realizado por cada grupo e o seu papel como avaliador;

Cómpre sinalar que o deseño do proxecto realízase con carácter proxectivo, cun enfoque flexible para que o alumnado desenvolva a súa autonomía e creatividade. Os traballos comparten uns elementos comúns, pero preténdese dar liberdade para que cada traballo sexa diferente.

Con respecto á avaliación, o proxecto valórase cunha puntuación máxima de 3 puntos, o 75% da cualificación correspondente á avaliación continua. Facilítase unha rúbrica ao alumnado, que se recolle no Anexo III, de materiais do proxecto e, en concreto, na carpeta de instrumentos de avaliación. Valórase tanto o proceso como o resultado, considerando a coherencia entre diagnóstico e proposta de actuación; e as competencias. Primarase o valor de uso da actividade (ampliar o coñecemento, reforzar a aprendizaxe e o compromiso social) fronte ao valor de cambio (a cualificación obtida).

Ademais, contéplase a coavaliación e heteroavaliación pola participación do alumnado na avaliación de traballos realizados por outros grupos de traballo. Así, acádase o obxectivo de avaliar propostas de planificación e desenvolvemento local o que contribúe

a reforzar a aprendizaxe, ao identificar os aspectos máis positivos e máis débiles noutros traballos. Cada grupo de ApS avalía o traballo realizado por outro grupo, tendo en conta unha ficha que elabora o profesorado e que tamén se inclúe no Anexo III.

Asemade, o proxecto conta coa avaliación realizada polo Grupo Esculca da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Realízase un test previo ao inicio do proxecto a todo o alumnado, opte ou non por participar no proxecto de ApS (pretest, dispoñible na ligazón https://es.surveymonkey.com/r/COMGA_U3) e outro test ao finalizar o proxecto (postest dispoñible na ligazón https://es.surveymonkey.com/r/COMGA_UP3), para comprobar se existe diferenza de competencias e coñecementos entre o alumnado que segue a metodoloxía de ApS con respecto ao que non participa directamente no proxecto. O equipo asesor do proxecto experto na metodoloxía de ApS tamén realiza unha avaliación a través de entrevistas previas ao inicio de proxecto e unha vez finalizado, tanto ao alumnado participante como ao profesorado da materia e á técnica da entidade colaboradora.

Ademais, cada estudante participante no proxecto elabora un portafolios individual, no que recolle a súa reflexión individual nas distintas fases do proxecto e serve para avaliar o proxecto e identificar accións de mellora.

Con respecto á duración do proxecto, como se comentou na introdución, implementouse por primeira vez no curso 2017-2018 ao abeiro da II Convocatoria de proxectos de innovación educativa en Aprendizaxe-Servizo (ApS) da USC. E dende ese curso veuse desenvolvendo ata o curso actual con continuidade sendo concedido nas seguintes convocatorias e manténdose mesmo no curso da pandemia. Polo tanto, estamos no sexto curso, polo que se converte nunha iniciativa consolidada. Tendo en conta o carácter cuatrimestral da materia e que se imparte no segundo cuatrimestre, ese é o momento no que se desenvolve, se ben hai tarefas relacionadas coa solicitude para participar na mencionada convocatoria específica da USC, melloras e innovacións a implementar no proxecto, asesoramento do equipo experto na metodoloxía de ApS na USC e conversas coa entidade colaboradora para decidir as melloras e actualizacións do proxecto ao longo de todo o curso.

5. Resultados obtidos

O proxecto de innovación docente presentado utiliza metodoloxías activas e, en particular, a Aprendizaxe-Servizo, que consiste en aprender prestando un servizo á comunidade. Constitúe unha metodoloxía innovadora que reforza os procesos de

ensinanza-aprendizaxe ao combinar as dimensións de aprendizaxe e social; relaciona a teoría e a práctica, vinculando aprendizaxe e realización do servizo, que atende as necesidades da área local. Así, o alumnado percibe a utilidade dos coñecementos, ao aplicalos a unha realidade concreta próxima.

Polo tanto, o proxecto mellora a aprendizaxe do alumnado, ao facilitar a comprensión dos contidos da materia Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento Local ao aplicalos a unha contorna real próxima. Así, refórzanse os contidos relativos aos ODS e a súa aplicación local, ás axendas urbanas, á planificación estratéxica, ás teorías do desenvolvemento endógeno, ao papel dos axentes e das políticas no desenvolvemento local (incluíndo a Universidade), ao enfoque de abaixo a arriba, á análise DAFO e á necesidade de adaptarse ao contexto. O alumnado tamén se familiariza coas competencias municipais, coa dificultade de implementar as políticas e de xestionar os recursos públicos. No actual curso 2022-2023 no que o proxecto se amplía incorporando unha nova materia da Facultade de Ciencia Política e da Administración, tamén cómpre destacar o enfoque interdisciplinar e os contidos relativos á adaptación das facendas públicas para o logro dos ODS, articulación das axendas urbanas coas políticas e facenda pública local, e mecanismos de xestión dos gastos e ingresos dunha administración pública municipal, a dificultade de xestionar os recursos públicos, a implementación e orzamentación das políticas, así como a adaptación aos novos retos sociais, políticos e económicos actuais. Así, o alumnado familiarízase dende unha perspectiva práctica con temas actuais e o papel das políticas municipais.

Ademais da mellora na aprendizaxe dos contidos curriculares da materia, o proxecto contribúe á adquisición de competencias transversais que son útiles para o desenvolvemento persoal, profesional e social. Entre esas competencias destacan as habilidades comunicativas e relacionais, especialmente o traballo en grupo, a toma de decisións, a comunicación en distintos contextos e con persoas de diferente perfil. Asemade, outras competencias que se abordan no proxecto son a interacción coa contorna próxima e maior capital social; a maior motivación, implicación e responsabilidade social; o pensamento crítico e reflexivo; e o fomento do traballo autónomo e da creatividade.

Tamén cómpre sinalar que se trata da primeira vez que realizan entrevistas, o que lles permite aprender a obter información de persoas con perfís moi diversos (por idade, profesión, nivel de formación, ámbito rural ou urbano, contorna na que se realiza-formal

ou informal, a unha persoa soa ou en grupo-....), e a tratar, analizar e seleccionar esa información cualitativa, así como a valorar as opinións (sexan coincidentes ou discordantes). Varios grupos realizaron cuestionarios aos grupos afectados polas actuacións propostas para coñecer a súa valoración. Só a título de exemplo, indícase a ligazón a un deses cuestionarios utilizados no curso 2021-2022 <https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=LEUNj6S3ZEm4EIw5c3RHe5cpUQQ0cdlNsC3ewEt23T5UM1lBVdY3UktZNEJWS0VGR001VzNGUE1NUy4u>, que foi difundido a través de Twitter (<https://twitter.com/xurxodb/status/1518484509452390400>).

No desenvolvemento do proxecto poden identificarse distintos grupos involucrados. Entre eles, destaca primeiramente o alumnado como principal protagonista da metodoloxía activa de ApS. O número total de alumnado participante nos seis cursos nos que se implementou o proxecto ascende a un total de 126 estudantes, distribuídos en 34 grupos. Iso implica unha taxa de participación media do 20% do alumnado, constatándose un descenso na participación nos cursos pospandemia (que coincide cunha redución significativa do número de estudantes matriculados na materia), aspecto que se comenta posteriormente neste mesmo apartado ao falar das dificultades. En calquera caso, a taxa de participación máis baixa sitúase ao redor do 15% do alumnado matriculado na materia e a máis alta aproxímase a un terzo de dito alumnado.

O profesorado tamén é un grupo relevante que diseña o proxecto e cambia o seu rol. Durante os seis cursos nos que se implementa o proxecto, participan catro profesores e tres persoas con contrato predoutoral, sumando un total de seis persoas, dado que un contratado predoutoral continúa vinculado ao proxecto como profesor.

A entidade colaboradora participa no deseño e execución do proxecto, no seguimento e tutorización dos traballos durante a súa realización, recibe o servizo e analiza as propostas formuladas para valorar a súa implementación.

Tamén se conta coa colaboración das persoas entrevistadas, que suman un total de 380. No caso do proxecto centrado nos ODS destacan o perfil experto e técnico nas distintas temáticas abordadas das persoas entrevistadas, combinando distintas perspectivas, disciplinas ou mesmo o carácter público ou privado da entidade na que traballan. Outros axentes relevantes na realización de entrevistas son os centros socioculturais, as asociacións de veciños, as asociacións de carácter sectorial, o tecido económico e a

ciudadanía. Por último, cómpre destacar o papel da Universidade como actor social que pode contribuír ao desenvolvemento local.

A perspectiva de *learning by doing* enriquece o coñecemento e a adquisición de habilidades, ao mesmo tempo que se realiza un servizo para a comunidade local. O proxecto realiza unha achega á implementación dos ODS aliñándose coas necesidades do Concello de Santiago de Compostela, no contexto da elaboración e implementación da Axenda Urbana 2030. No seu proceso de elaboración, realizouse a diagnose da situación do municipio, identificando dez ámbitos de actuación que se corresponden cos obxectivos estratéxicos establecidos na Axenda Urbana española. Iso permitiu identificar tres retos: diversificar as bases económicas da cidade acadando un maior peso do sector industrial, recuperar Santiago como cidade para habitar e vivir, e consolidar Santiago como un destino turístico sostible. A colaboración no contexto da Axenda Urbana permite avanzar neses retos e contribuír ao logro dos ODS, propoñendo actuacións para facilitar a súa consecución. Permite identificar axentes relevantes para implementar as políticas locais e formular accións que impulsen os ODS. Os 17 ODS nos que se concreta a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible poden ser promovidos dende o ámbito local e, en particular, no eido urbano. Precisamente o ODS 11 céntrase nas cidades e comunidades sostibles. Asemade, permite identificar axentes relevantes para implementar as políticas locais para facilitar o logro dos ODS e que leven a unha cidade máis inclusiva e sostible, así como entender a articulación da Axenda Urbana 2030 cos orzamentos municipais.

O servizo realizado consiste en propoñer accións de mellora relativas a 14 temáticas concretas relativas a distintos ODS. En particular os ODS elixidos por eses grupos foron os seguintes: ODS 1 (Redución de pobreza) (2 grupos), ODS 4 (Educación de Calidade), ODS 8 (Crecemento Económico e Traballo Decente) (4 grupos), ODS 10 (Redución de disparidades), ODS 11 (Cidades e Comunidades Sostibles) (3 grupos), ODS 12 (Produción e Consumo Responsable) e ODS 13 (Acción polo Clima) (2 grupos). As 96 propostas relativas a cada un dos 7 ODS seleccionados pretenden contribuír ao logro dos ODS na cidade de Santiago de Compostela. Entre estas propostas destacan as relacionadas coas infraestruturas, a mobilidade, a dinamización comercial e a reactivación económica. O contexto derivado da pandemia leva a que cobren importancia propostas de recuperación e adaptación dos sectores máis afectados, así como as relativas á situación do comercio local, ao emprego, ao xénero ou á redución das desigualdades. Cómpre matizar que varias das propostas están claramente relacionadas con outros ODS. A

perspectiva de longo prazo e o reto da sustentabilidade convértense en aspectos relevantes do proceso de planificación estratéxica e reflexión sobre a cidade realizado no proxecto.

Nos dous primeiros cursos nos que se implementou o proxecto (2017-2018 e 2018-2019), realizouse unha análise socioeconómica de 18 barrios da cidade de Santiago de Compostela e outros microespazos como parroquias ou áreas rururbanas, realizando entrevistas e interactuando cos axentes que conforman ese territorio. Baseándose no diagnóstico realizado utilizando principalmente fontes de información cualitativas, os grupos formulan propostas para mellorar a calidade de vida da poboación desas áreas, que constitúen a base do servizo prestado.

No marco da EDUSI ReVive Santiago e, máis concretamente, do programa Compostela Móvese, que estrutura as políticas de promoción do desenvolvemento económico local, os traballos do alumnado contribúen a mellorar o coñecemento de distintos espazos urbanos e rurais que conforman o municipio e a identificar axentes relevantes para implementar as políticas no territorio e a realizar propostas para mellorar os aspectos socioeconómicos das áreas analizadas e a calidade de vida da súa poboación. As 41 propostas formuladas polos grupos de traballo céntranse na mellora en infraestruturas, dinamización comercial, establecementos comerciais e servizos demandados, valorización do patrimonio e posible explotación turística. Asemade, permiten comprobar as singularidades, semellanzas e diferenzas entre as áreas e barrios analizados; así como nas súas necesidades e oportunidades. As propostas son valoradas polo Concello e varias delas incorporáronse na programación das actividades de dinamización socioeconómica no marco dos programas Compostela Móvese e Aposta polo teu barrio. Outras propostas trasladáronse aos departamentos municipais con competencias. Cómpre ter presente os tempos que require implementar as propostas, así como a dispoñibilidade ou non dos recursos necesarios e a propia aceptabilidade social e política das medidas propostas.

Por último, aínda que ten carácter voluntario, o proxecto deséñase para que o alumnado que non participa directamente na experiencia tamén se beneficie porque segue o proceso e asiste ás presentacións dos traballos de ApS. Ademais, no curso 2021-2022, nas sesións de traballo sobre o proxecto desenvolvidas na clase, o alumnado que non segue o proxecto de ApS contribúe a reflexionar sobre os proxectos de ApS e a resolver as dúbidas que teñan eses grupos. Ademais o alumnado que non segue a metodoloxía de aprendizaxe-servizo realiza un traballo consistente nun diagnóstico socioeconómico dun municipio e a formulación dunha proposta de mellora, actividade que desenvolvía todo o alumnado

nos cursos previos a implementar o proxecto de ApS. Eses dous tipos de traballo (traballo sobre os municipios e ApS) son complementarios, o proxecto de ApS céntrase nun coñecemento máis directo e *in situ* da realidade local interactuando cos axentes; mentres que o traballo tradicional analiza información socioeconómica de carácter local en base a fontes bibliográficas e estatísticas. Nos cursos nos que o proxecto de ApS consistía en realizar unha análise socioeconómica de microespazos, algúns grupos que realizaron o traballo tradicional dos municipios abordou o municipio de Santiago de Compostela. Isto resultou enriquecedor, permitindo comparar os dous tipos de traballo e complementar a análise.

6. Valoración da experiencia: principais vantaxes e dificultades

O proxecto de ApS céntrase na implementación e logro dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible no eido local, polo que contribúe á construción da Axenda Urbana 2030 da cidade de Santiago de Compostela. A aplicación da metodoloxía ApS representa unha experiencia innovadora e anovadora, posto que se aplica por primeira vez no Grao en Economía tanto para alumnado como para profesorado. Pretende mellorar os procesos de aprendizaxe ao reforzar os coñecementos, como resultado derivado da súa aplicación a un contexto real; e desenvolver competencias transversais útiles para a actividade profesional e social. Ao mesmo tempo, préstase un servizo á comunidade local, que consiste en propoñer accións para mellorar e avanzar na sustentabilidade, cohesión, integración, equilibrio territorial da cidade e a súa dinamización socioeconómica.

As temáticas ás que se orienta o proxecto e que se concretan en colaboración co Concello de Santiago de Compostela son axeitadas tanto para os contidos da materia, como porque facilitan a realización de traballos homoxéneos e comparables especialmente para a súa avaliación.

A valoración da experiencia polos distintos grupos de axentes involucrados é moi positiva e baséase tanto nas conversas mantidas cos distintos tipos de axentes, como nos portafolios elaborados individualmente polo alumnado participante, e nas entrevistas e tests que realiza o equipo de Ciencias de Educación para avaliar o proxecto. O alumnado destaca o seu entusiasmo por esta actividade que considera moi interesante, útil e cunha alta capacidade formativa. Manifestan que por primeira vez fan algo práctico ou perciben que aplican os coñecementos a unha realidade concreta próxima, é o que máis lles gustou de toda a carreira, tería que facerse moito antes, pónenlle cara aos problemas, o que máis

valoran é traballar por e para a persoas. Con respecto ao desenvolvemento da competencias transversais, o alumnado subliña que por primeira vez aprendeu a traballar en grupo. A maioría do alumnado (algo máis do 95%) volvería participar no proxecto e recoméndao. E cabe subliñar que todo o alumnado que optou por esta modalidade completouna, polo que non houbo ningún abandono. Polo tanto, o alumnado considera a experiencia positiva e enriquecedora para adquirir coñecementos e competencias.

Para o profesorado, o proxecto supuxo un reto ao tratarse da súa primeira experiencia na aplicación da metodoloxía ApS. O seu papel tradicional máis pasivo, de mero transmisor de coñecementos cambia completamente, pasando a actuar como orientador en todo o proceso. Porén, o seu papel sendo menos visible, tamén resulta crucial para o correcto desenvolvemento do proxecto e o logro das aprendizaxes previstas. Así, propón a iniciativa, coordina, realiza o seguimento, reorienta e fomenta a reflexión e a aprendizaxe ao longo de todo o proceso. O cambio nos papeis tradicionais de alumnado e profesorado tamén se manifesta nas relacións profesorado-alumnado.

A experiencia supón maior motivación para alumnado e profesorado (que se retroalimentan) e unha maior implicación na contorna.

Para a entidade colaboradora, reforzan a necesidade detectada na EDUSI de Santiago de Compostela, de construír un municipio máis sostible e inclusivo, equilibrado en oferta de servizos, actividades sociais, culturais e económicas, para contribuír á mellora da calidade de vida da cidadanía. As achegas do alumnado supóñenlle unha fermosa maneira de aprender máis sobre a cidade dende unha mirada curiosa e crítica.

En relación coas vantaxes do proxecto de innovación docente que aquí se presenta, cabe destacar que a metodoloxía ApS permite aprender buscando o significado, o que facilita a comprensión e axuda a coñecer a complexidade da realidade que se analiza e na que se vai prestar o servizo. Así, o alumnado percibe a utilidade dos coñecementos, ao aplicalos a unha realidade concreta e próxima. E, ademais, permítelles un mellor coñecemento dalgúns temas relativos aos ODS a través da consulta da documentación e a realización de entrevistas con entidades e persoas expertas na temática abordada e formular propostas de mellora que faciliten acadar os ODS e unha cidade máis inclusiva e sostible. Dese xeito, ademais de ampliar o coñecemento sobre os ODS, permite avanzar no seu logro e na mellora da calidade de vida ao basearse nun desenvolvemento sostible.

Como resultado da aplicación dunha metodoloxía activa obtéñense mellores resultados en relación coa aprendizaxe dos contidos da materia, así como na adquisición de competencias relevantes para o desenvolvemento persoal, profesional e social. O proxecto contribúe especialmente á adquisición das competencias relativas a traballo en grupo, comunicación oral e escrita e aprendizaxe autónoma.

O alumnado considera que a participación no proxecto lles permitiu superar a inseguridade e os temores a falar con persoas doutros ámbitos moi diversos e incrementar o seu capital social. Aprenderon a realizar entrevistas, a interactuar con outros axentes e co propio grupo, a cooperar, a poñerlle cara aos problemas socioeconómicos; en definitiva, a descubrir a complexidade e heteroxeneidade que se atopa nunha realidade socioeconómica concreta. O alumnado destaca especialmente a cooperación no grupo de traballo, porque nunca se organizaran e coordinaran desa forma. Nas experiencias previas de traballo en grupo non percibían o valor engadido do equipo. E destacan como especialmente positivo traballar con persoas que non coñecían previamente. O proxecto tamén contribúe á reflexión, ao pensamento crítico e á creatividade.

Ao alumnado que participa no proxecto de Aprendizaxe-Servizo, o Servizo de Participación e Intergración Universitaria (SEPIU) emítelle un certificado de participación nun proxecto de ApS equivalente a 30 horas de traballo (Ver o modelo no Anexo I, Certificados de participación, Modelo de certificado de participación do alumnado. O certificado non está anonimizado porque o arquivo non permite edición, mais cóntase co permiso da alumna para a súa utilización a efectos de participar neste premio). Polo tanto, supón un aspecto diferencial no seu currículo, que segundo nos ten indicado o Grupo Esculca da USC, asesor neste proxecto, cada vez se valora máis no eido laboral porque supón o desenvolvemento de competencias transversais.

En resumo, o proxecto pode considerarse útil para a mellor aprendizaxe académica, mais tamén a nivel social, polos beneficios que percibe a comunidade local que participa directamente no proxecto: alumnado, profesorado, entidade colaboradora e sociedade civil. Os distintos grupos involucrados manifestan o interese na continuación do proxecto, pois consegue combinar a mellora na formación do alumnado coa contribución a unha mellor sociedade. Ademais, permite a proxección social da Universidade, visibilizando a súa contribución ao desenvolvemento local.

A pesar da valoración moi positiva do proxecto e das súas principais vantaxes, cómpre subliñar que ao longo dos seis cursos nos que se desenvolve o proxecto, atópanse diversas dificultades. A continuación, sinálanse as principais dificultades:

- O limitado tempo para o desenvolvemento do proxecto ao vincularse a unha materia de carácter cuatrimestral.

- Trátase dunha metodoloxía activa, innovadora e descoñecida para o alumnado, que implica asumir un papel protagonista o que lles xera incertezas ao afrontar algo diferente, que lles obriga a saír da súa zona de confort. O carácter proxectivo da experiencia tamén lles xera dúbidas, especialmente ao principio, porque queren ter moi claro que abordar e consideran que falta concreción nos contidos. Aínda que se ofrecen unhas pautas comúns, preténdese que desenvolvan a creatividade e a autonomía no seu proceso de formación e aprendizaxe, contando sempre coa orientación do profesorado e da entidade colaboradora. Estes aspectos adquiren máis importancia como dificultade para o alumnado no contexto posterior á pandemia, onde as incertezas xeran maiores reticencias. Cómpre sinalar que tamén coincide con cursos cun menor número de alumnado matriculado e, especialmente, o curso pasado cun nivel de asistencia moi baixa.

- A menor dispoñibilidade de tempo que indica o alumnado para participar no proxecto e sobre todo para realizar as entrevistas ou para traballar en grupos fóra da aula, especialmente con persoas que non coñecen.

- Con respecto á prestación do servizo que leva aparellada a metodoloxía de ApS, convén ter en conta que a entidade colaboradora é de carácter público e, polo tanto, non é o destinatario final nin principal do servizo, que é a cidadanía beneficiaria das actuacións propostas. Polo tanto, o servizo ten un carácter máis indirecto e non inmediato no tempo, o que leva a que esa compoñente esencial de servizo do proxecto de ApS resulte menos visible.

- A inexperiencia na realización de entrevistas e o tratamento da información obtida por este medio. Nos últimos cursos o alumnado non comprende que non se trata de transcribir as entrevistas nin de identificar opinións con persoas entrevistadas.

- A implementación real das propostas depende da entidade colaboradora, que as analiza para avaliar o seu interese e viabilidade en termos técnicos, orzamentarios e temporais. Hai que ter presente que algunhas propostas poden implementarse no curto prazo, mentres que a maioría teñen un horizonte de longo prazo, e requiren máis recursos e tempo tanto para a súa implementación como para percibir a utilidade do servizo e a

satisfacción da comunidade local. E tamén cómpre ter en conta a distribución de competencias, porque hai moitas cuestións que afectan ao ámbito local e, en concreto, ao ámbito urbano, pero que non son de competencia municipal (mais si da súa incumbencia).

- Unha parte do alumnado que non participa directamente no proxecto, tende a desconectar da materia. Este feito obsérvase principalmente nos cursos posteriores á pandemia, nos que coincide cun menor número de estudantes matriculados na materia e un baixo nivel de asistencia a clase.

- A dificultade para establecer unha data para realizar sistematicamente un evento de presentación dos resultados nos últimos cursos, o que contribuiría a visibilizar o proxecto e, especialmente, a parte de servizo á comunidade. Dado que a materia se imparte no segundo cuadrimestre, unha vez que rematan as clases están centrados nos exames e despois xa inician as vacacións ou non están en Santiago de Compostela.

- Tamén supón maior dedicación e esforzo por parte de alumnado e profesorado, que non sempre se reconece suficientemente na cualificación do alumnado ou a dedicación do profesorado.

Para afrontar estas dificultades, vanse incorporando innovacións e propostas de mellora no proxecto que se describen no apartado 8.

Por último, cómpre sinalar, que o curso da pandemia supuxo un reto moi importante no momento de desenvolvemento inicial do proxecto, cando aínda estaban decidindo os temas e non realizaran ningunha entrevista. Co colaboración e vontade de todos e o apoio das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) e, concretamente Teams, conseguiuase manter o proxecto, con pequenas adaptacións, como que as entrevistas se dirixiran ás persoas expertas nas temáticas sen necesidade de entrevistar a outras persoas por razóns obvias.

7. Recursos e ferramentas

O desenvolvemento do proxecto require a utilización combinada de distintos recursos e ferramentas. O Anexo III recolle os principais materiais compartidos co alumnado sobre o proxecto, dende as indicacións para a realización do proxecto, documentos de apoio, documentos de planificación estratéxica de Santiago de Compostela (como a EDUSI ou a parte de diagnóstico da Axenda Urbana) e doutras áreas, documentación sobre os ODS, as axendas urbanas ou a Axenda Urbana do Eixo Atlántico. Outro recurso importante son exemplos doutros traballos realizados polo alumnado en cursos previos. A ese fin no

Anexo IV inclúense as ligazóns aos traballos de ApS realizados polo alumnado dispoñibles no repositorio Minerva.

A utilización das TIC pode contribuír a reforzar os procesos de ensinanza-aprendizaxe e á adquisición de competencias transversais útiles para o seu desenvolvemento persoal e profesional. Así, converten ao alumnado en partícipe na construción do coñecemento, fomentando a súa participación e implicación e facilitan a interacción alumnado-profesorado. Unha das principais ferramentas de apoio ao desenvolvemento da materia e tamén do proxecto é o Campus Virtual dispoñible na plataforma Moodle da USC, que pretende complementar a docencia e relacionar a materia coa realidade económica.

Cómpre sinalar que no curso 2017-2018 tamén se desenvolveu na materia Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento Local o proxecto “As TIC como ferramenta para a aprendizaxe na materia Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento Local”, coincidindo co inicio do proxecto de ApS. O proxecto TIC foi concedido na I Convocatoria de proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia da USC. Así, a aula virtual ademais de repositorio, que conta cunha sección específica para o proxecto de ApS, convértese nun espazo de aprendizaxe e interacción e tamén se contribúe ao desenvolvemento da competencia dixital do alumnado. Entre as ferramentas que se utilizan nese primeiro curso e tamén nos seguintes e que poden ser útiles para o proxecto de ApS destacan as seguintes:

- Bases de datos: Para buscar e manexar información estatística a nivel local.
- Glosario: Elaboración de definición de termos básicos da materia, coas entradas revisadas polo propio alumnado e o profesorado.
- Foros: para comentar noticias, vídeos ou debater sobre temas actuais relacionados coa materia ou resolver dúbidas.
- Wiki: para a elaboración de bibliografía da materia ou a colaboración entre grupos.
- o Ligazóns: para indicar páxinas web de interese sobre desenvolvemento rexional e local (urbano e rural).

Cada vez teñen máis importancia as ferramentas de comunicación como foros da aula virtual ou Teams. Dende o ano 2020, créase un equipo en Teams para cada grupo de traballo do proxecto de ApS para facilitar a interacción entre eles, ter algunha tutoría coa entidade colaboradora ou mesmo co profesorado. Precisamente, o curso no que se iniciou

a pandemia da Covid-19 permitiu descubrir o potencial destas aplicacións, facilitando o seguimento e titorización dos proxectos. A utilización dos equipos de Teams pode ser máis necesaria no curso actual no que os grupos de traballo son mixtos, pertencentes a dúas titulacións. Por iso, tamén se creou unha canle de Telegram para cada grupo na que participa o profesorado. Ademais, foméntase o uso do OneDrive para o traballo colaborativo.

Entre as distintas webs, cómpre sinalar URBACT (<https://urbact.eu/>), que recolle experiencias e boas prácticas de cidades europeas, que poden servir de inspiración para a formulación das propostas, tendo sempre en conta a necesidade de adaptarse ao contexto propio.

Finalmente, coméntanse os principais instrumentos para a avaliación do proxecto de ApS que están dispoñibles para o alumnado (Ver Anexo III. En primeiro lugar, cóntase cunha rúbrica como instrumento que facilita a avaliación formativa e a autoavaliación por parte do alumnado). En segundo lugar, facilítase unha ficha de avaliación para a coavaliación dos traballos de ApS. En terceiro lugar, inclúese un modelo de actas que facilita o seguimento do traballo en grupo. En cuarto lugar, proporciónanse unhas indicacións para a elaboración do portafolios individual, como instrumento que facilita a reflexión sobre o proceso de aprendizaxe nas distintas etapas do proxecto de ApS. No contexto da avaliación do proxecto de ApS, o alumnado realiza un test ao inicio do proxecto (https://es.surveymonkey.com/r/COMGA_U3) e outro ao finalizar (https://es.surveymonkey.com/r/COMGA_UP3), co obxectivo de comparar as competencias acadadas derivadas do desenvolvemento do proxecto, tamén dende unha perspectiva comparativa co alumnado que non realiza o proxecto de ApS.

8. Innovacións implementadas durante o desenvolvemento do proxecto

O proxecto de innovación docente comeza no curso 2017-2018, sendo a primeira experiencia de aplicación da metodoloxía de Aprendizaxe-Servizo no Grao en Economía. Tamén se trata da primeira experiencia de ApS para alumnado e profesorado. Nese momento estanse implementando outros proxectos de ApS no Grao de Administración e Dirección de Empresas da USC. O proxecto desenvólvese dende entón ata o curso actual, sendo o sexto curso no que se aplica, dada a satisfacción de alumnado, profesorado, entidade colaboradora e axentes sociais.

A aplicación da ApS é unha experiencia innovadora, que trata de mellorar a aprendizaxe con metodoloxías activas. Preténdese instruír de xeito integral, proporcionando coñecementos e formando en habilidades, competencias e valores. A USC actúa como pioneira ao promover, apoiar, difundir e institucionalizar as iniciativas de ApS.

Con base na experiencia deste proxecto de innovación docente consolidado, cada curso plantéxanse innovacións e propostas de melloras no proxecto. Cómpre indicar que a convocatoria de proxectos de ApS esixe incluír algunha innovación nos proxectos consolidados. A continuación, coméntanse as principais innovacións que se foron implementando ao longo destes cursos, para afrontar as principais dificultades e ir adaptando e actualizando o proxecto:

- Reducir o tempo para decidir participar no proxecto a un máximo de tres semanas dende o inicio de cuatrimestre, o que permite ter máis tempo para o seu desenvolvemento. Para iso, preséntase o proxecto na segunda sesión de clase e adiantouse a actividade interactiva correspondente aos ODS para que sexa a primeira.

- Facer un seguimento das noticias sobre a área temática e/ou territorial elixida.
- Incluír algunha información estatística de carácter local co maior nivel de desagregación posible.

- Incluír algunha boa práctica relacionada coa temática abordada implementada noutro lugar e/ou algún indicador oficial para valorar a situación da cidade nese ODS.

- Avanzar nos instrumentos de avaliación, establecendo unha rúbrica para o proxecto.

- Avanzar na avaliación das competencias transversais que se traballan no proxecto e na sistematización das competencias.

- Dedicar dúas sesións presenciais a traballar no proxecto para guiar mellor ao alumnado e que os grupos intercambien opinións, dificultades e dúbidas. Nese sentido, cada grupo de traballo contará co asesoramento nesas sesións do profesorado e dun estudante que non siga a metodoloxía de ApS, para conseguir unha maior relación co proxecto tamén por parte desta metodoloxía.

- Reflexionar sobre as propostas de actuación e a súa viabilidade antes de entregar os informes á entidade colaboradora.

- Aumentar a visibilidade do servizo, invitando ás persoas que colaboraron nas entrevistas ao acto de presentación de resultados.

- Considerar á hora de crear os grupos que compartan horas en común dispoñibles para poder traballar conxuntamente e realizar entrevistas, así como as expectativas sobre a cualificación a acadar tendo en conta o esforzo que se pretende realizar.

- Fomentar o uso das TIC e das ferramentas colaborativas de forma transversal para os grupos de traballo, o seguimento e titorización polo profesorado e a realización de entrevistas.

- Fomentar a inclusión da perspectiva de xénero de forma transversal. linguaxe inclusiva, composición dos equipos, axentes e persoas entrevistadas e consideración na temática abordada.

- Mellorar a difusión do proxecto en medios de comunicación ou redes sociais.

- No curso actual 2022-2023 por primeira vez amplíase o proxecto ao incluír outra materia pertencente a outra titulación e a outra facultade. Trátase da materia Facenda Pública, de segundo curso do Grao en Ciencia Política e da Administración. Así, o proxecto adquire unha perspectiva interdisciplinar, máis holística e transversal, aproveitando sinerxías e complementariedades. A Axenda 2030 é un aspecto curricular relevante nas dúas materias e titulacións. Así, o proxecto vai un paso máis alá de formular propostas, valorando e fundamentando mellor a súa implementación no contexto das competencias municipais, así como a súa viabilidade dende a perspectiva da aceptabilidade económica e política e do seu horizonte temporal. Dese xeito, visibilízase máis o servizo prestado. Para promover a interdisciplinariedade e os puntos de encontro os grupos de traballo serán mixtos, conformados por alumnado das dúas titulacións, fomentando o uso das TIC e das ferramentas colaborativas.

9. Proxección educativa

O proxecto de ApS “Universidade, Sociedade e Desenvolvemento. A Aprendizaxe-Servizo no eido do desenvolvemento local” está no sexto curso de implementación, polo que se trata dunha iniciativa estable e consolidada, como consecuencia da satisfacción que mostran os grupos involucrados. O carácter amplo e transversal dos ODS garante a continuidade do proxecto.

En canto á proxección educativa, pode ampliarse en distintos eidos:

- A distintas temáticas de interese para o eido local, sexan vinculadas aos ODS ou noutras liñas. De feito, nos dous primeiros cursos o proxecto centrouse na análise socioeconómica de barrios ou outras áreas da cidade.

- A outros concellos tanto de ámbito rural como urbano, segundo o interese das entidades locais e a distribución xeográfica do alumnado. Nese sentido, cómpre destacar a colaboración no marco da Comunidade de Accións e Saberes Arredor do Rural, que agrupa a distintos colectivos e profesorado de diferentes campos, na preocupación sobre o ámbito rural e a perspectiva da sustentabilidade. Varias entidades rurais amosaron o seu interese, como algúns Centros de Desenvolvemento Rural.
- Á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), ás Deputacións ou a Asociación Galega de Profesionais do Desenvolvemento Local (Afiprodel).
- A outras entidades como os Grupos de Desenvolvemento Rural, Axencias de Desenvolvemento ou entidades sectoriais.
- A outras materias da USC, tanto de Grao como de Máster, no mesmo Grao, na Facultade ou doutras titulacións. Tense valorado algunha posible colaboración interdisciplinar con profesorado de Ciencias da Educación.
- O proxecto tamén se pode adaptar a outros niveis educativos, onde se poden aplicar os coñecementos centrándose no seu entorno territorial, con exemplos, visitas ou a realización de pequenos traballos de campo.
- Nunha perspectiva de longo prazo, tamén sería de interese analizar a implementación das medidas propostas noutros cursos.

Polo tanto, este proxecto inicia un camiño que se vai ampliando, sentando as bases para novas ampliacións do proxecto ou novos proxectos. E contribúe a visibilizar o papel da Universidade como actor social e a relevancia do eido local para o desenvolvemento socioeconómico.

10. Difusión e visibilidade do proxecto

Este apartado aborda as distintas accións realizadas para difundir e visibilizar o proxecto. Poden distinguirse dous tipos principais de actuacións: a difusión do proxecto a través das vías características da academia (publicacións, participacións en congresos ou en proxectos de investigación) ou a través de eventos de presentación, dos medios de comunicación, redes sociais ou repositorio Minerva. As evidencias e documentación acreditativa destas actuacións inclúese no Anexo IV.

Comezando pola primeira vía, destacan as seguintes contribucións:

A. Capítulos de libro

- Sánchez Carreira, M.C.; Blanco-Varela, B.; González-López, M. “Construyendo la Agenda 2030 en Santiago de Compostela”. Aceptado para un libro editado pola UNED, que ten prevista a súa publicación en 2023.
- Sánchez-Carreira, M.C.; Blanco-Varela, B. (2022): “Sustainable Development Goals from an urban perspective”, en R. C. Brears (ed.): The Palgrave Encyclopedia of Urban and Regional Futures, Palgrave Macmillan (Springer Nature Switzerland AG), pp. 1776-1788. Cham. https://doi.org/10.1007/978-3-030-51812-7_77-1. First Online: 21-10-2022. Print ISBN978-3-030-51812-7. Online ISBN978-3-030-51812-7.
- Sánchez Carreira, M.C. e González-López, M. (2020): “Una experiencia de Aprendizaje Servicio y Desarrollo Local en el Grado de Economía”, en Pilar Aramburuzabala, Carlos Ballesteros, Juan García-Gutiérrez e Paula Lázaro (coord.): El papel del aprendizaje-servicio en la construcción de una ciudadanía global, Editorial UNED, pp. 251-259, ISBN: 978-84-09-11873-1.
- Sánchez Carreira, M.C. e González López, M. (2019): “Aprendizaje servicio para el desarrollo local en el ámbito universitario”, en REDINE (ed.): Estrategias y metodologías didácticas. Perspectivas actuales, Adaya Press, Eindhoven, pp. 21-29. ISBN: 978-94-92805-10-2.

B. Presentacións en Congresos, Xornadas ou Eventos de Difusión Científica

- Sánchez Carreira, M.C., Blanco Varela, B. e González-López, M. (2022): “Aprendizaje Servicio como metodología para el desarrollo urbano en el contexto de la Agenda 2030”, en F. J. Amador, A. Cano e J. García (Coords.): Libro Actas Proceedings X Congreso Nacional y IV Internacional de Aprendizaje—Servicio El aprendizaje – Servicio en alianza con los ODS, Las Palmas de Gran Canaria, Creatividad Canaria pp. 97-102. ISBN: 978-84-09-42157-2.
- Sánchez Carreira, M.C.; Blanco Varela, B. e González López, M. (2021): “Aprendizaje servicio como metodología para el desarrollo urbano en el contexto de la Agenda 2030”, X Congreso Nacional y IV Internacional de

Aprendizaje-Servicio Universitario, Las Palmas de Gran Canaria, 7-9 xullo.

- Sánchez Carreira, M.C. e González López, M. (2018): “Una experiencia de Aprendizaje Servicio y desarrollo local en el Grado de Economía”, IX Congreso Nacional y I Europeo de Aprendizaje-Servicio Universitario, Madrid, 21-22 de setembro.
- Sánchez Carreira, M.C. e González López, M. (2018): "Aprendizaje-Servicio y contribución al desarrollo económico local", II Congreso Internacional Virtual de Investigación e Innovación Educativa CIVINEDU 2018, 24-25 de outubro.
- Sánchez Carreira, M.C. (2019): Ponente no curso PFID.18ea-17 “Universidade, Sociedade e desenvolvemento. A aprendizaxe-servizo no eido do desenvolvemento local”, Mesa 2: Proxectos de ApS en Ciencias Sociais, Workshop Aprendizaxe-Servizo e Empregabilidade: Boas prácticas na USC, 24 de xuño.
- Sánchez Carreira, M.C. (2019): Póster Universidade, Sociedade e desenvolvemento. A aprendizaxe-servizo no eido do desenvolvemento local) “Universidade, Sociedade e desenvolvemento. A aprendizaxe-servizo no eido do desenvolvemento local”, Mesa 2: Proxectos de ApS en Ciencias Sociais, Workshop Aprendizaxe-Servizo e Empregabilidade: Boas prácticas na USC, 24 de xuño.

C. Participación en proxectos de investigación

María del Carmen Sánchez Carreira e Bruno Blanco Varela participan como membros do equipo de investigación do seguinte proxecto:

- “Sustainable Development Goals in Journalism Reporting” (SDGsJR). Investigador principal: Marcelo Antonio Martínez Hermida. ERASMUS+ Capacity Building in Higher Education 2014-2020, dende 15/11/2019 ata o 14/11/2023.

María del Carmen Sánchez Carreira participa como membro do equipo de traballo dos seguintes proxectos:

- “Aprendizaje-Servicio e Innovación en la Universidad. Un programa para la mejora del rendimiento académico y el capital social de los estudiantes (EDU2013-41687-R)”, RETOS 2013, MINECO Plan Estatal (2013-

2016), dende o 01/01/2014 ata o 30/06/2018. Investigador principal: Miguel Ángel Santos Rego. Figura relacionada no punto B.2 do informe final do proxecto de I+D (Persoal Activo no Proxecto-Equipo de Traballo). Tarefas: Docente USC que participa en diseño cuasi-experimental proyectos ApS. F. de Ciencias Económicas y Empresariales-C.Santiago.

- “Aprendizaje-Servicio (ApS) y empleabilidad de los estudiantes universitarios en España: competencias para la inserción laboral” (EDU2017-82629R), RETOS 2017 del Programa Estatal de I+D+i Orientada a los Retos de la Sociedad, Ministerio de Innovación, Ciencia e Universidades, dende o 01/01/2018 ata o 31/03/2022. Investigador principal: Miguel Ángel Santos Rego. Figura relacionada no punto B.2 do informe final do proxecto de I+D (Persoal Activo no Proxecto-Equipo de Traballo). Tarefas: Docente USC que participa en diseño cuasi-experimental proyectos ApS. F. de Ciencias Económicas y Empresariales-C.Santiago.

Na segunda vía, destaca a celebración dun evento de difusión de resultados do proxecto na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais o día 18 de xullo de 2018, coa participación de todos os axentes implicados no proxecto. No Anexo IV inclúese o cartel do evento, algunhas fotos e referencias de prensa. Ademais, derivado dese evento realizouse unha entrevista na Cadena Ser local, que se anexa (dende o minuto 25 ata o 36). Tamén se inclúe un vídeo elaborado pola coordinadora do proxecto no contexto dun curso de formación sobre o proxecto, fotos da conferencia da técnica da entidade colaboradora e do grupo asesor do proxecto dun curso ou a presentación da conferencia. Outro aspecto relevante na difusión refírese a depositar no repositorio Minerva os traballos de ApS realizados polo alumnado unha vez revisados polo profesorado e sempre que autoricen todas as persoas que conforman grupo, utilizando o formulario deseñado en 2018 en colaboración co persoal da Biblioteca da USC e que tamén se achega.

Finalmente, menciónanse outras actividades relacionadas co proxecto, que se inclúen no Anexo V. Entre elas destaca a participación no proxecto de ApS “Accións multidisciplinares integradas Arredor do Rural”, proxecto emerxente concedido na VI Convocatoria de proxectos de innovación educativa en Aprendizaxe-Servizo (ApS), da Universidade de Santiago de Compostela, 2021-2022. Dito proxecto foi coordinado por David García Romero e implementado na materia TFG en varias materias pertencentes a

distintas titulacións, participando o Grao en Economía e o Grao en Administración e Dirección de Empresas. María del Carmen Sánchez-Carreira e Bruno Blanco Varela cotitorizaron o traballo realizado por Ángela Álvarez López titulado “Políticas de desenvolvemento endógeno nos Ancares Lucenses. A actuación do Centro de Desenvolvemento Rural Ancares”, defendido en xullo de 2022 na modalidade póster.

Asemade, o III Encontro de Axentes Socioeducativos de Comunidade de Accións e Saberes arredor do rural, celebrado o 15 de xuño de 2022 está relacionado con esta actividade. Participa María del Carmen Sánchez Carreira como membro do Comité Organizador e como ponente.

Tamén se menciona outro artigo relacionado coa temática do proxecto de ApS sobre ODS, cos seguintes datos: Blanco-Varela, B.; Amoedo Meijide, J.M.; Sánchez-Carreira, M.C. (2021): “El Objetivo de Desarrollo Sostenible 8. La fetichización del empleo y el oxímoron del crecimiento sostenible e inclusivo”, Revista Internacional de Comunicación y Desarrollo, nº 3 (14), pp. 104-117, ISSN e2386-3730. <http://dx.doi.org/10.15304/ricd.3.14.7778>

A proxección social da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e da USC aumentará ao visibilizar os resultados deste proxecto. Tamén se promoverá a utilización das redes sociais para aumentar a difusión do proxecto.

Agradecementos

O equipo do proxecto de ApS “Universidade, Sociedade e Desenvolvemento. A Aprendizaxe-Servizo no eido do desenvolvemento local” quere agradecer a colaboración do alumnado, do Concello de Santiago de Compostela e, en particular de Carme Casado, das persoas, entidades e expertos nas distintas temáticas que colaboraron nas entrevistas, á Universidade de Santiago de Compostela, polo apoio a este proxecto, que se desenvolveu no marco das II, III, IV, V e VI Convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa en Aprendizaxe-Servicio da USC, a Javier Agrafojo e Ernesto Gómez do Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) e ao Grupo Esculca e, especialmente a Mar Lorenzo, Miguel Ángel Santos, Alexandre Sotelino, Igor Mella e David García Romero.